

CANTIGAS DO MAGOSTO 2006

Hai magosto en Campolongo
hai barullo e trangallada
choutan os rapaces ledos
na festiña fabulada.

Os rapaciños da escola
xa prenderon a fogueira
con ramallos e con leña
traídas da carballeira.

Acendese o roxo lume
volta o bulicio á memoria,
nace o fume do Magosto
brincan os nenos na escola

Mañá leda, mañá leda
mañanciña lembrada
nenos e nenas saltando
e comendo nas castañas.

Son as cousas do Magosto
e tamén da rapazada
son as festas da escola
e das castañas asadas.

Escoitémo-los gaiteiros
mentres asan as castañas
son os vosos compañeiros
os que fan soar as gaitas.

Sempre retorcendo o fol
Erguida sempre a cabeza
Da moito gusto escoitalos
Mentres tocan unha peza.

Entre risas e algaradas
As gaitas están tocando
E os nenos de Campolongo
Polo campo trouleando

Tamén cantamos cantigas
entre risas e algaradas
son as lerias dos neníños
coas letriñas moi rimadas.

Magosteiros , magosteiras
Non comades mais castañas
Rematade coa bebida
Que comezan as pintadas.

Alá vai a rapazada
dando choutos sen parar
veñen cheos de rescaldos
para nos emborrallar.

Teñen os bandullos fartos
e despois de merendar
tocan os enredos serios
veña todos a tisar.

Días dourados de Outono
fogo, cinsa, resplandor
Son as cousas do Magosto
Co misterio e a paixón .

Todo é risa e fantasía
Moita troula e ilusión
maxias do noso Magosto
Outono manso de sol.

A mañá pinta dourada
xa parou a diversión
a festa vai rematando
con bicos péchase o sol.

Coa fogueira apagando
e coas gaitas entoando
dicimos con agarimo
¡Bo proveito e ata o ano!.

Campolongo 2006 ENL



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58



CANTIGAS DO MAGOSTO 2007

➤ INTRO

➤ DESENROLO



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA


<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>

E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es

Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58



➤ CONCLUSIÓN



➤ LETRAS DAS COPLAS

Hoxe estamos moi contentos
xa temos todo disposto
para come-las castañas
na festiña do Magosto.

Xa chegaron os gaiteiros
pra toca-las foliadas
escomeza para todos
a festiña fabulada.

Hai magosto en Campolongo
Choutan os rapaces ledos
xa se escoitan asubíos
repenican os gaiteiros.

Entre risas e cantigas
as gaitas están soando
e os rapaciños de sexto
as copriñas entoando.

É o Magosto dos nenos
que celebramos na escola
xa temos todo disposto
pra face-la merendola.

Preparade os cucuruchos
para enchelos de castañas
non sexa que haxa pampos
que se queden sen probaras.

Procurade uns vasiños
para botarlle a bebida
agardando o voso turno
coa presa ben collida.

Comede pois e bebede
haxa troula e distracción
enchede ben os bandullos
que empezámo-lo follón.

Agora que estamos fartos
de comer e de beber
xa escomezan as pintadas
veña todos a correr.

Xa están os raparigos
preparados pra tisnar
veñen cheos de rescaldos
para nos emborrallar.

Todo é risa e fantasía
moita troula e ilusión
aos nenos de Campolongo
gústalles a diversión.

Castañas e lambetadas
rapaciños e paixón
tardes douradas de Outono
chamas, cinsas, resplandor.

Xa se foi morrendo o lume
xa se arredaron as chamas
vaise apagando a fogueira
con adeuses e lembranzas.

Coa festa rematando
teremos que recoller
o Magosto deste ano
foinos de moito pracer.

Campolongo Outono 2007



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 986 85 52 88 Fax: 986 85 05 58



CANTIGAS MAGOSTO 2008

Hoxe estamos moi contentos
nesta mañá de algarada
pois comeza para todos
a festiña lembrada .

Outonece en Campolongo
volve o bulicio á memoria
nace o lume do magosto
brincan os nenos na escola.

Benvido sexa o magosto
na compañía do Outono
veñen para o noso patio
coas castañas no colo.

Que soen as nosas gaitas
entre risas e argalladas
na festiña do magosto
e das castañas asadas.

Que abonden os contiños
e sorrisos de gabanza
os grolos de laranxada
e bromas en abundancia.

Rapaces de Campolongo
vinde comelas castañas
escollede as quentiñas
e que veñan sen borralla.

Magosteiros da escola
que vos presten as castañas
rematade coa bebida
por si veñen as pintadas.

Mira os nenos bulideiros
dando choutos sen parar
veñen cheos de rescaldos
preparados para tisnar .

Castañas e rapazada
moita troula e distracción
lume ardente na fogueira
outono morno de sol

Outono de castiñeiros
e folliñas polo chan
de rapaces brincadeiros
e dos soños que se van.

Xa se arredaron as chamas
a festa vai acabando
o ceo pinta fumoso
coa fogueira apagando.

Que lles presten as castañas
a tódolos comensais
rematáronse as lérias
e dicires escolares.

Campolongo Novembro 2008

E. N. L.

CANTIGAS MAGOSTO 2009

Xa estamos no outono
cae a folla sen parar
celebramos o magosto
veña todos a xantar!

Campolongo está de festa
hai barullo e trouleada
nenas e nenos xogando
mentres asan as castañas.

Castiñeiro con ourizos
ateigados de castañas
nestes tempos outonizos
todos imos apañalas.

Preparamos o magosto
con ledicia e con humor
para tomar as castañas
e pintarnos con carbón.

Neste día de outono
todos imos disfrutar
os pequenos e maiores,
¡imos todos festexar!

Vén connosco ao magosto
vén con nós imos xogar,
a pisar as follas secas
e cantigas entoar.

Vén connosco ao magosto.
vén con nós imos xantar
as deliciosas castañas
que contigo has levar.

Amañamos cucuruchos
para botar as castañas
facemos roldas no patio
e a papar lambetadas.

O magosto magostiño,
moitas ledicias nos dá,
pois baixo as súas cantigas,
todos imos a bailar.

No magosto deste ano,
todos imos a brincar,
cos xogos tradicionais,
que nos gusta enredar.

Polo novembro andamos
e os ourizos caeron
das castañas xa gozamos
pois, moitos delas comeron.

Campolongo 2009 ENL

CUARTO “A” CANTALLE AO MAGOSTO

Aquí chegan estes nenos
coas letriñas ben rimadas
pra cantaren no magosto
as cantigas entoadas.

Nesta escola hai magosto
Risas, troula e rapazada
celebramos todos xuntos
A festiña tabulada.

Cando chega o outono
xa temos todo disposto
pra asaren as castañas
e celebrar o magosto.

O magosto é especial
hai xogos moi divertidos
comemos moitas castañas
e falamos cos amigos.

As cantigas do magosto
todos irnos a escoitar
queremos pásalo ben
e as castañiñas xantar.

Moitas cantigas dos nenos
con lérias e trangalladas
cando rematan as bromas
comeremos as castañas.

No magosto magostiño
os nenos están moi ledos
cando comen as castañas
mánchanse moito os dedos.

Castañas ricas castañas
do magosto magostiño
que as apaño subindo
pola beira do camiño.

Eu teño unha castaña
que se marea co fume
como estamos de magosto
teño que poñela ao lume.

Hoxe comeza o magosto
co carbón irnos xogar
e pasámolo tan ben
que non queremos parar .

Atopei un castiñeiro
atrancado no camiño
e collín unha castaña
para darlla ao rapaciño.

As castañas do magosto
que se comen por novembro
gardárnolas nun canizo
e duran ata decembro.

Atopei una cestiña
pola praza da Pedreira
e na cesta había un saco
con castañas ventureiras.

Apagouse roxo lume
houbo enredos e ilusión
xa remata o magosto
acabouse a diversión.

CAMPOLONGO NOVEMBRO 2010

CANTIGAS MAGOSTO 2011 5º A

Chega o Magosto ao colexio
para poder troulear
comer castañas asadas
que ben o imos pasar !

A escola de Campolongo
fai Magosto por Novembro
todos traemos castañas
collidas do castiñeiro.

Nenas e nenos celebran
unha grande foliada
son as lérias dos rapaces
na festiña lembrada.

Mañá leda, mañá leda
mañanciña recordada
nenos e nenas cantando
e comendo nas castañas.

Somos os de Campolongo
que estudamos quinto A
papamos ricas castañas
e cantamos sen parar.

Os nenos bailan e xogan
cando chega o magosto
asan castañas na grella
que recolleron no soto.

Se queredes vir á festa
non dubidar un momento
temos castañas ao lume
e as cantigas no vento.

No Magosto enredamos
coa corda e coa mariola
ao remate da festa

facémola merendola.
Enchemos os cucuruchos
coas castañas asadas
comémolas todos xuntos
quentiñas e chamuscadas.

Todo é risa e fantasía
lume, cinsa , resplendor
é a maxia do Magosto
neste outono enredador.

As cantigas do magosto
son bonitas e rimadas
todos estamos moi ledos
cando imos a cantalas.

Topei co tren das castañas
e comprei un euro delas
como tiña moita fame
xa me puxen a comelas.

Paseando pola praza
encontrei unha cestiña
e dentro dela había
moitas castañas quentiñas.

A mañá pinta dourada
xa parou a diversión
a festa vai rematando
con bicos péchase o sol.

NOVEMBRO 2011

CANTIGAS DE MAGOSTO 2012 6º

Para que todos nos oian
ímosvos cantar moi forte
benvido sexa o Magosto
neste ano dousmildece.

Pechamos o parasol
o verán xa rematou
comeremos as castañas
o outono xa chegou.

As castañas teñen festa
cousa para celebrar,
Magosto vaise chamar
esta festa é singular.

Como estamos en Outono
celebramos o Magosto
comemos todos castañas
e tamén cantamos moito.

Con ledos versos e estrofas
e letriñas ben rimadas
cantamos en Campolongo
as cantigas entoadas.

Este ano os de sexto
organizan o Magosto
cos enredos e castañas
nos divertiremos moito.

Chega o noso Magosto
cócese as castañas
cantamos todos os nenos
coas nosas voceciñas.

Este día do Magosto
todos estamos contentos
xa cheira a castañas quentes
e abundan os enredos.

Pola festa do Magosto
comemos moitas castañas
bailamos e mais cantamos
e facemos trangalladas.

Con Leducia e alegría
recibimos o outono
ouriciños e castañas
troula, cantigas e xogos.

Este ano no Magosto
as castañas comeremos,
vinde a xogar connosco
moito nos divertiremos.

O Magosto é castañas
as castañas son magosto
primeiro hai que asalas
despois comelas convosco.

Castañiñas asadiñas
no magosto a xantar
os nenos de Campolongo
moito imos a gozar.

Monitores imos ser
xogos novos probaremos
cousas novas imos ver,
desta festa gozaremos.

As castañas do Magosto
son máis ricas cas da casa,
danlle un toque de gustiño
a rapaces e rapazas.

O Magosto ten riqueza
polas castañas do lar
sempre con ganas as papan
ata os nenos se fartar.

As castañas do Magosto
estoupan na grella tolas
algunhas un pouco crúas
pero sempre están moi boas.

Castiñeiro, castiñeiro
castañiñas vaime dar
se castañas non me das
moi triste voume quedar.

A chegada do Outono
coas castañas asadas
gústanme moito quentiñas
e sen que estean queimadas.

Coa chegada do frío
se ti as mans queres quentar,
douche un consello, amigo,
castañas terás que asar.

Chas, no Magosto tiradas
chas, castañas escascadas
chas, chas, castañas asadas
chas, chas, castañas papadas.

Xa rematou o Magosto
Con ledicia e diversión
Xa papamos as castañas
E xogamos mogollón.

CANTIGAS DO MAGOSTO 2013 SEXTO

Recibimos ao Magosto
na escola de Campolongo
con enredos e cantigas
e con castañas dabondo.

Do castiñeiro os ourizos
dos ourizos as castañas
para comelas tostadas
primeiro hai que apañalas.

Celebramos esta festa
dando brincos e xogando
mentres asan as castañas
as copliñas van soando.

As castañas do magosto
están moi ricas asadas
pero hai veces que se pasan
e comémolas queimadas.

Aquí chega o Magosto
que viva a festa rachada
os meniños desta escola
temos hoxe a castañada.

Os ourizos das castañas
os dedos poden pinchar
aínda que todos sabemos
que agochan un gran manxar.

Os mestres asan castañas
mentres estamos xogando
logo quentiñas e ricas
todos iremos papando.

Aquel vello castiñeiro
xa non pode dar castañas
porque un día o xardineiro
cortoulle tódalas ramas.

O magosto en Campolongo
xa estamos a festexar
comemos moitas castañas
e xogamos sen parar.

Na festiña do Magosto
os nenos de Campolongo
comemos castañas quentes
e facemos moitos xogos.

Xa arrecenden as castañas
ao asárense no lume
compartimos gargalladas
cando a leña se consume.

No tren venden as castañas
Na praza da Ferraría
O señor repica a campá
E vende con alegría.